

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 25 DE NOVEMBRO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintecinco de Novembro de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martinez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 19 de Novembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Dona María Isabel Quintáns Vázquez, veciña da Coruña, con domicilio na Avda. de Rubine, 18, 6º, esquerda, no que interesa coñece-las condicións urbanísticas aplicables a unha finca da súa propiedade, sita no lugar da Quinza, deste Municipio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "Requírese unha información urbanística para uns terreos sitos na Quinza "Entre a vía do ferrocarril e maila

estrada da Torre que vai a San Paio, no Parque de San Paio e o camiño do Aselao que limita tamén coa finca do Concello".- As NN.SS. M. publicáronse no B.O.P. nº 66, do 23 de Marzo de 1987.- Tipos de Solo.- Sin trama SNU/EP.- Sin trama SNU.- Con trama cadrada SUB(P/UM) Solo urbanizable prescripción Usos Mixtos.- Raiado solo urbano.- Indicarase con precisión o emprazamento concreto".

Visto o escrito de Don Rafael Raña Rodríguez, veciño da Costeira, do Concello de Carballada de Avia, no que interesa información urbanística aplicable a unha propiedade súa sita no lugar do monte de San Cristovo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "Trátase de SNU/N, é de aplicación a ordenanza 6.3.1 das NN.SS. concurrentes e Art. 42 L.S.G.- O Concello de Ribadavia corresponde a parcela mínima para edificar de 2000 m²".

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de Ribadavia e Santa Cristina.

Da Secretaria Xeral para o Deporte, Resolución pola que se concede unha subvención de 300.000 pesetas para as Escolas Deportivas.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a certificación número 3 da obra nomeada "Saneamento en Ribadavia", por un importe total de 2.000.113 pesetas; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes: do Estado, 700.040 pesetas; Deputación (F.P.), 700.040 pesetas, e Concello, 600.033 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Convenio de colaboración entre o Iltmo. Concello de Ribadavia e maila Asociación Cultural Recreativa "Santa Marta" para a organización da primeira Liga Local de Ribadavia.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda conceder unha gratificación por importe de 40.000 pesetas a Don Enrique Rubira Rollón, administrativo da Escola Taller "Avia", por servizos realizados no proceso de xustificación da Escola Taller "Avia", no período comprendido entre o 10 de Outubro e mailo 20 de Novembro.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.